



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## BANDO

MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN  
ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## FAI SABER

Que en base á Resolución do 4 de maio de 2020 da Consellería do Medio Rural relativa á Orde do 23 de marzo de 2020 pola que se adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.

**LEVÁNTASE A PARTIR DO 4 DE MAIO DE 2020 A PROHIBICIÓN RELATIVA Á REALIZACIÓN DOS MERCADOS TRADICIONAIS CON VENDA DIRECTA DE PRODUTOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS DO SECTOR DE ALIMENTACIÓN E PRODUTOS PERECEDOIRO.**

En todo caso, os operadores comerciais participantes e as persoas usuarias dos mercados locais quedarán sometidas ás seguintes normas específicas:

### OS POSTOS:


- Recoméndase poñer á disposición da clientela luvas desbotables.
- Indispensable o uso de luvas para tocar os produtos en venda.
- Recoméndase contar con dispensadores de xel desinfectante para uso de persoas vendedoras e persoas usuarias.

### A CLIENTELA:

- A distancia mínima entre cada persoa usuaria do mercado será de 2 metros coas excepcións que establece ao efecto a normativa estatal.

O concello de Boqueixón recomenda en todo caso, o **USO DE LUVAS E MÁSCARAS PARA VENDEDORES E CLIENTELA** dos mercados tradicionais.

Boqueixón, 6 de maio de 2020.

  
O alcalde



Manuel Fernández Munín